

## Cultura

### Definición de traballo

A maneira de vida (incluídos coñecementos, costumes, normas, leis e crenzas) que caracteriza unha sociedade ou grupo social particular.

### Orixes do concepto

Por causa da súa encerrallada historia, a palabra “cultura”, coma o suposto termo oposto, “natureza”, é unha das máis complexas da lingua inglesa, e das máis difíciles de concretar. Dende o século quince un dos significados importantes foi o de cultura en canto cultivo de colleitas e crianza de animais. Cando este significado se estendeu por mor de incluír persoas, cultura veu significar o “cultivo” das mentes humanas. Na Alemaña do século dezoito, a cultura opúxose á “civilización”, considerándose a primeira superior á última. No século dezanove desenvolveuse o recoñecemento das “culturas” ou totalidades culturais que é o inicio do uso nos estudos sociais modernos. Neste senso, a cultura refírese ós elementos todos da forma de vida dunha sociedade que se aprenden, contando entre eles a lingua, os valores, as normas sociais, as crenzas, os costumes e as leis. Sexa como for, convecionalmente, a cultura non incluíu os artefactos materiais do tipo dos edificios e os mobles, aínda que isto cambiou segundo os sociólogos se viron progresivamente interesados na “cultura material”. Neste senso, o estudo comparativo das culturas é unha empresa moi ampla.

### Significado e interpretación

Durante a maior parte da súa historia, a socioloxía estudou a cultura considerándoa intimamente ligada ás relacións sociais e a estrutura da sociedade. Os estudos marxistas, por exemplo, tenderon a ver todo o edificio da cultura e maila produción cultural a xeito de superestrutura que se mantén sobre os alicerces do modo de produción capitalista. Entendeuse, entón, que as crenzas relixiosas, as ideas dominantes, os valores centrais e mailas normas sociais apoiaban e lexitimaban un sistema económico de relacións sociais explotador. Mesmo antes da era da televisión, a teoría crítica da Escola de Francfort mantivo que a crecente cultura de masas era unha forma de **control social** que mantiña ás masas inactivas e acríticas, converténdolas en consumidoras pasivas de entretemento compracente. A ironía desta crítica marxista é que diferenciou a cultura elevada refinada da cultura de masas, vendo máis valor na primeira, aínda que esa fose a provincia das clases superiores educadas.

A reprodución cultural implica non só a cotinuación e desenvolvemento da lingua, valores xerais e normas, senón tamén a reprodución das desigualdades sociais. Perante isto, a educación, pomos por caso, debería ser un “gran nivelador”, permitindo que a xente capaz puidese atravesar divisións de **xénero**, clase e etnia para acadar as súas ambicións. Sexa como for, unha gran cantidade de estudos durante os últimos corenta anos (aproximadamente) amosou que os sistemas educativos traballan para reproducir as divisións culturais e sociais existentes.

A teoría xeral da reprodución cultural máis sistemática das elaboradas ata hoxe é a de Pierre Bourdieu (1986). Conecta a posición económica, o **status** social e mailo capital simbólico co coñecemento e habilidades culturais. O concepto central da teoría de Bourdieu é o de *capital*, as distintas formas que se usan para gañar recursos e para ter vantaxe. Bourdieu considera que as formas clave son as do capital social, capital cultural, capital simbólico e capital económico. O capital social refírese á condición de membro e a implicación en redes sociais de elite; o capital cultural adquirese no contorno familiar e por medio da educación, conducindo decote a certificados do tipo das titulacións e outras credenciais; o capital simbólico refírese ó prestixio, status e outras formas de honor, que permiten ós que teñen status elevado a dominar ós que teñen status inferior; por outra banda, o capital económico refírese á riqueza, os ingresos e outros recursos económicos. Bourdieu argumenta que estas formas de capital poden intercambiarse.

Os que teñen moito *capital cultural* poden ser capaces de comerciar con el por mor de obter capital económico; durante as entrevistas para obter traballos ben pagos, o coñecemento e credenciais superiores danlles vantaxe sobre outros candidatos. Os que teñen moito *capital social* poden “coñecer á xente adecuada” ou “moverse nos círculos sociais adecuados” e ser capaces de intercambiar este por capital simbólico como é o respecto dos outros e o crecente status social, que aumenta as súas oportunidades de **poder**. Estes intercambios sempre se dan en campos ou escenarios sociais que organizan a vida social, na que cada campo ten as súas “regras de xogo” propias que non son transferibles a outros.

O capital cultural pode existir nun *estado encarnado*, segundo o levamos connosco nas nosas maneiras de pensar, falar e movérmonos. Pode existir nun *estado obxectificado* na posesión de obras de arte, libros e roupas. Pode atoparse en *formas institucionalizadas* como é o caso das cualificacións educativas que se traducen facilmente en capital económico no mercado laboral. Segundo puideron observar moitos sociólogos, a educación *non* é un campo neutral

separado do conxunto da **sociedade**. A cultura e mailos patróns de comportamento dentro do sistema educativo xa reflicten esa sociedade, e as escolas dan sistematicamente vantaxe ós que xa adquiriron capital cultural na súa familia e por medio das redes sociais nas que está incrustada. Deste xeito, o sistema educativo ten un papel crucial na reprodución cultural da sociedade existente coas súas desigualdades sociais implícitas.

Dende a década de 1980, o crecente interese nos contornos da “sociedade de consumo” fixo que o estudo da cultura se achegase máis á corrente principal da socioloxía. A investigación das prácticas de compra e consumo de produtos e servizos significou a revisión da crítica da cultura de masas, pero agora os sociólogos aproximáronse a elas dende o punto de vista do consumidor e da audiencia. Segundo a cultura de masas previamente uniforme se foi diversificado por mor de acadar mercados e nichos máis pequenos, xurdiu a cuestión do gusto e da existencia de “culturas do gusto”. Os gustos culturais están relación directa co sexo, a etnicidade e maila posición de clase ou varían independentemente desas posicións estruturais?

#### Puntos críticos

En moitos estudos críticos da cultura, presupúxose que a cultura popular é en certa maneira inferior á cultura elevada. A cultura popular require pouco esforzo, educación ou coñecemento para disfrutala, mentres que a cultura elevada demanda moito coñecemento e sensibilidade para ser debidamente apreciada. En todo caso, a lexitimidade da cultura elevada apoiouse na idea subxacente de que paga a pena facer esforzo na medida en que iso cultiva “xente mellor” e unha sociedade máis civilizada. Steiner (1983) agumentou que esta declaración foi definitivamente falsificada. Durante a Segunda Guerra Mundial, ó mesmo tempo que as forzas armadas executaban asasinatos en masa nos campos de concentración europeos, os concertos de música clásica sucedíanse sen interrupción ningunha. Steiner di que a declaración de que a alta cultura “civiliza” é patentemente falsa.

Os teóricos postmodernos tamén advirten que a distinción entre cultura refinada e popular non pode manterse e argumentaron que estas son só preferencias diferentes e eleccións debidas ó gusto que non teñen relación con noicións das formas superiores e inferiores. Algúns ven no achaiamento das diferenzas culturais unha liberación que permite, por primeira vez, o estudo sociolóxico serio das formas culturais populares. Obras recentes investigaron a significación cultural de Lady Gaga, David Beckham e as representacións da discapacidade nas series de televisión. Outros argumentan que a verdadeira maneira de examina-lo gusto cultural é saber cómo é que impacta nas oportunidades vitais, segundo recoñeceu Bourdieu.

#### Revelancia actual

O “xiro cultural” da década de 1980 meteu o estudo da cultura na corrente principal da socioloxía, e a maior parte deste traballo é perspicaz, pois investiga os papeis da produción e mailo consumo cultural na conformación de estilos e oportunidades vitais. Estuda-la cultura amósanos tamén que o mundo das representacións simbólicas, do entretemento e mailos medios, pode dicirnos moito sobre as relacións sociais. Sexa como for, a crítica recente dos estudos culturais considera que unha parte excesivamente grande destas obras é “socioloxía decorativa”, pois privilexia o estudo de textos, **discursos** e interpretacións en detrimento das verdadeiras relacións sociais e das vidas da xente tal como son (Rojek e Turner 2000). É esta unha preocupación lexítima e ós estudos da cultura vailles cumprir asegurar que non se ignoran as relacións de poder estruturadas e o desenvolvemento histórico de institucións culturais.

Giuliamonti e Robertson (2006) déronlle un xiro interesante ás teorías recentes sobre a mestura global de culturas por medio da análise das experiencias de emigrantes nos Estados Unidos de América que son siareiros dos equipos de fútbol do Rangers e do Celtic de Glasgow. En troques de se assimilar á cultura deportiva máis poderosa dos Estados Unidos de América, os emigrantes escoceses que aparecen neste estudo cambiaron as súas vellas identidades, lealdades e antagonismos no contexto novo e fixeron poucos esforzos por se interesar na cultura deportiva do país de acollida. Amais, a maioría dos membros dos Clubes de Siareiros de América do Norte (*North American Supporters Clubs: NASCs*) consideráronse eles propios inequivocamente “escoceses” aínda que moitos acadaran a cidadanía Americana ou Canadense; os clubs manteñen as tradicionais ceas escocesas á memoria de Robert Burns e os membros xeralmente mantiveron os seus dialectos e acentos. En todo caso, un asunto clave para os Clubes de Siareiros de América do Norte (*NASCs*), dada a diferente experiencia dos seus fillos no contexto cultural de América do Norte, é a “transmisión das identidades culturais dunha xeración a outra”.

#### Referencias e lecturas posteriores

- Bourdieu, P: (1986) *Distinction: A Social Critique of the Judgement of Taste* (Londres: Routledge & Kegan Paul).  
Featherstone, M. (2007) *Consumer Culture and Postmodernism* (2 ed, Londres: Sage).

Guiliamotti, R. e Robertson, R. (2006) "Glocalization, Globalization and Migrarion: The Case of Scottish Football Supporters in North America", *International Sociology*, 21 (2), pp. 171-98.

Jenks, C. (1993) "Introduction: The Analytic Bases of Cultural Reproduction Theory" en C. Jenks (ed.), *Cultural Reproduction* (Londres: Routledge), pp. 1-16.

Rojek, C. e Turner, B. S. (2000) "Decorative Sociology: Towards a Critique of the Cultural Turn", *Sociological Review*, 48 (4), pp. 629-48.

Steiner, G. (1983) *In Bluebeard's Castle: Some Notes on the Redefinition of Culture* (New Haven: Yale University Press).